

RÚBRICA DISERTACIÓN

	EXCELENTE	BO/ BASTANTE BO	MOI REGULAR/INSUFICIENTE	INADECUADO
1.Formato e estrutura	A estrutura é correcta e clara: introdución, desenvolvemento e conclusión. A disertación ten a extensión necesaria para iso.	A estrutura é correcta pero non está tan clara: intúese a introdución, o desenvolvemento e a conclusión, pero non queda clara a estrutura. A extensión é adecuada (ou algo menos).	Faltan partes da estrutura e non se intúe en absoluto. A extensión é adecuada (ou algo menos).	Non hai estrutura algunha e a extensión é demasiado breve para desenvolver a disertación.
2.Vocabulario e redacción	Utiliza un vocabulario adecuado. Enténdense todas as frases. Puntúa correctamente e non ten faltas de ortografía.	Usa vocabulario apropiado (algún coloquialismo non importante). Enténdense case todas as frases. Puntúa ben e non ten apenas faltas de ortografía.	Usa un vocabulario maiormente coloquial. As frases están mal estruturadas aínda que se entendan. Ten faltas de ortografía.	A linguaxe é absolutamente coloquial. As frases non se entenden. Ten moitas faltas de ortografía.
3.Orixinalidade	Relaciona os conceptos con experiencias persoais ou temas actuais e/o establece relacións orixinais entre eles.	Establece relacións con temas actuais ou persoais, aínda que non sexa moi preciso.	Fala de conceptos filosóficos sen relacionalos con temas actuais ou persoais. Establece relacións entre distintos conceptos, pero non son correctas ou acertadas.	Non establece relacións ou as relacións establecidas son incorrectas ou non están xustificadas.
4.Coherencia	As problemáticas expostas están relacionadas entre si. Posiciónase, achega argumentos coherentes co seu punto de vista. Os conceptos expostos gardan relación co tema.	As problemáticas están relacionadas entre si (pero non sempre son correctas as relacións). Os conceptos gardan relación entre eles.	As relacións establecidas son na súa maioría incorrectas, pero establece relacións.	Non se entende o texto. As problemáticas expostas son totalmente incorrectas.
5. Utilización de conceptos	Utiliza varios conceptos de forma adecuada.	Utiliza un ou dos conceptos de forma adecuada.	Utiliza máis dun concepto pero non termina de entender o seu significado.	Non utiliza ningún concepto ou utiliza algún pero non entende en absoluto ao que se refire.
6. Formulación de cuestións pertinentes ou problemáticas	Demostra a súa comprensión do tema exposto e fai preguntas pertinentes.	Expón preguntas ou cuestións pero non son do todo pertinentes.	Non expón preguntas de forma directa, pero faio de maneira indirecta expondo problemáticas.	Non parece entender moi ben o tema, polo que non expón preguntas nin problemáticas.
7. O contido garda relación coa materia dada en clase	Escolle acertadamente o tema ou fala do tema proposto pola profesora.	Fala do tema pero non entende do todo o significado filosófico do mesmo.	Reduce o tema ao que entendemos de maneira cotiá, sen profundar no sentido filosófico.	Non fai referencia a ningún contido dado en clase.